

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Orde do 9 de febreiro de 2005 pola que se resolve a convocatoria de libre designación, anunciada por Orde do 13 de decembro de 2004 (Diario Oficial de Galicia número 250, do 27 de decembro).*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo, vacante na Consellería de Economía e Facenda, por Orde do 13 de decembro de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* nº 250, do 27 de decembro), en uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 15.4º, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, modificado polo artigo 6 da Lei 3/1995, do 10 de abril; visto o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e demais normativa vixente, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Designar o funcionario que se cita no anexo desta orde para ocupar o posto que así mesmo, se sinala.

Segundo.-O cesamento no actual destino efectuarase segundo o previsto no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, no prazo de tres días a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou segundo o establecido na normativa de aplicación na súa Administración de orixe. A toma de posesión deberá facerse no prazo de tres días a partir do seguinte ao do cesamento ou no dun mes, segundo proceda, de conformidade co disposto no referido artigo.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde cause alta o funcionario efectuará, dentro dos prazos sinalados anteriormente, a dilixencia de toma de posesión e seguidamente serán realizados os trámites para a súa alta en nómina.

Das dilixencias efectuadas serán remitidas copias á Dirección Xeral da Función Pública e á Inspección Xeral de Servizos.

Cuarto.-Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2005.

P.D. (Orde 13-12-1993)

Emilio Álvarez Rey

Secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda

## ANEXO

Apelidos e nome: Varela Pérez, Carlos.

NRP: 5248093313 A2053.

Grupo: C.

Denominación do posto: xefe da Sección de Tesouraría.

Código do posto: EFC060000215770009.

Nivel: 25.

Centro directivo ou dependencia: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Localidade: Santiago de Compostela.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 7 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se procede a nomear e facer pública a composición do tribunal que xulgará o procedemento selectivo de ingreso ao corpo de profesores de música e artes escénicas pola quenda especial prevista na disposición transitoria sétima da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.*

En cumprimento do sinalado na base común 5 da Orde do 19 de outubro de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 2 de novembro), pola que se convocaba procedemento selectivo de ingreso ao corpo de profesores de música e artes escénicas pola quenda especial prevista na disposición transitoria sétima da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación na Comunidade Autónoma de Galicia,

Esta dirección xeral

### RESOLVE:

Primeiro.-Nomear o tribunal que deberá xulgar o procedemento selectivo de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas pola quenda especial e que se relaciona no anexo.

Segundo.-Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros dos tribunais que necesiten desprazarse da súa residencia oficial para o exercicio de tal función, tendo dereito a percibir as axudas de custo e gastos de viaxes de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, debendo entenderse que queda expresamente

autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2005.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal

### ANEXO

Tribunal único:

Titulares:

Presidente: Juan P. Durán Alonso.

Vogais: José Luis Evangelista Ventura, Rosa Mª Rodríguez García, Gonzalo Sánchez García, María Rosa de la Vega Pérez, José Crisanto Gándara Eiroa.

*Anuncio do 7 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 10 de novembro de 2004, (Diario Oficial de Galicia do 19 de novembro), da Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de canto, fundamentos de composición, linguaxe musical, orquestra e percusión e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de equipos electrónicos e instalacións electrotécnicas.*

Rematado o prazo para presentar a instancia solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

### RESOLVE:

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de canto, fundamentos de composición, linguaxe musical, orquestra e percusión e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de equipos electrónicos e instalacións electrotécnicas.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2005.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal

### ANEXO

Excluídos listas de profesores de música e artes escénicas

Apelidos e nome	DNI	Disciplina	Causas de exclusión
Alonso Vázquez, María	76908361	594460	Título non idóneo
Arronte Álvarez, Aitor	36162777	594412	Título non homologado
Collazo Quinteiro, Juan M.	76823405	594422	Non alega título
Fábregas Leal, Elena	32682854	594460	Título non idóneo
Freire Sánchez, Mª José	33324704	594460	Título non idóneo
García Gil, Desirée	75260096	594460	Título non idóneo
García Gil, Desirée	75260096	594412	Título non idóneo
Girona Valero, José Antonio	33492846	594460	Título non idóneo
González Vázquez, Mª Ángeles	77006142	594460	Título non idóneo
Juárez Gómez, Verónica	31708655	594412	Título non idóneo
Juárez Gómez, Verónica	31708655	594460	Título non idóneo
Martín Pellicer, Mario	32419138	594460	Non alega titulación
Martínez Fernández, Gloria Cristina	46918635	594460	Título non idóneo
Navarro Lara, Francisco	30791428	594412	Título non idóneo
Núñez-Torrón Caballero, María del Pilar	33331572	594460	Non alega título
Pérez Sánchez-Orozco, Lara	33327113	594460	Título non idóneo
Puccioni Guilarte, Sonia	X4273383	594460	Non alega título
Ramil Ferreiro, Verónica	32693427	594460	Título non idóneo
Raya Bermúdez, Susana	44356837	594460	Título non idóneo
Risco Ulloa, Antón	34971503	594422	Non alega título
Noya Van der Velde, Francisco Javier	35582208	594421	Título non homologado
Rosa Napal, Francisco César	53305409	594412	Título non idóneo
Rosa Napal, Francisco César	53305409	594460	Título non idóneo
Ruiz Gómez, María del Carmen	26228685	594421	Título non idóneo
Juárez Gómez, Verónica	31708655	594421	Título non idóneo

Excluídos listas profesores técnicos de formación profesional (equipos electrónicos e instalacións electrotécnicas)

Apelidos e nome	DNI	Disciplina	Causas de exclusión
Álvarez Pérez, Víctor M.	52490529	591206	Especialidade non idónea
Álvarez Pérez, Víctor M.	52490529	591202	Especialidade non idónea
Bandín Potel, María	44824347	591202	Non indica especialidade
Bolívar Romero, Jairo	44284479	591206	Non alega título
Cañavera González, Mª Dolores	30824608	591206	Non indica especialidade
Cañavera González, Mª Dolores	30824608	591202	Non indica especialidade
Carballal Álvarez, Jesús Manuel	48807572	591202	Non indica especialidade
Carballal Álvarez, Jesús-Manuel	48807572	591206	Non indica especialidade
Delgado Álvarez, Manuel	44297982	591206	Especialidade non idónea
Delgado Álvarez, Manuel	44297982	591202	Título non idóneo